



1.- Xornada sobre Big Data e Estatística

Lembramos que está aberto a prazo de inscrición na **Xornada sobre Big Data e Estatística** que organizan a SGAPEIO, o grupo de investigación MODES da Universidade da Coruña (UDC) e a Rede de Tecnoloxías Cloud e Big Data para HPC. Esta xornada terá lugar o día 19 de xuño de 2015 na Facultade de Informática da UDC.

Data límite de inscrición: **7 de xuño** de 2015.

Máis información: <http://bigdata.sgapeio.es/>

2.- Ciclo de conferencias "Bioestadística para vivir"

A Facultade de Matemáticas, a Facultade de Bioloxía e o Grupo interdisciplinar de Estatística, Computación, Medicina e Bioloxía (GRIDECMB) da USC organizan un ciclo de conferencias cofinanciado pola *Fundación Española para la Ciencia y Tecnología (FECYT)*, no marco do proxecto "Bioestadística para Vivir y Cómo Vivir de la Estadística".

- Ciclo de Conferencias: "Bioestadística para Vivir".
- Data: 6 de maio de 2015.
- Horario: de 16:00 a 19:30.
- Lugar: Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC (Campus Vida).

Este ciclo de conferencias pretende fomentar e poñer en valor:

- O uso de aproximacións multidisciplinares para, dende un punto de vista estatístico, resolver cuestións en diversas disciplinas: Medicina, Bioloxía ou Medioambiente.
- A necesidade de profesionais con perfís transversais a diferentes áreas de coñecemento.
- O diálogo informal entre especialistas de diferentes disciplinas.

Por isto, esta xornada reúne a alumnos da Universidade, profesionais en distintos ámbitos científicos e tecnolóxicos, e en xeral a todas aquelas persoas con interese en coñecer como a estatística pode axudar a resolver cuestións de tipo científico.

Para poder acudir á xornada é preciso formalizar a inscrición online (o prazo finalizará o día 5 de maio de 2015). Ademais, o ciclo de conferencias será retransmitido en directo a través da USC TV. Link de acceso: tv.usc.es/directo2.html.

Máis información: http://icbusc.com/event/ciclo_bioestadistica

3.- I Simposio internacional “Aprendizaxe-servizo na educación superior. Innovación, calidade e institucionalización”

A EGAP, en colaboración coa Rede de Excelencia "Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento", pon en marcha o I Simposio internacional "Aprendizaxe-servizo na educación superior. Innovación, calidade e institucionalización" que terá lugar en Santiago de Compostela o 27 de maio de 2015.

Este simposio ten como obxectivos analizar as posibilidades de aprendizaxe-servizo no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), promover o coñecemento e a reflexión en torno ao aprendizaxe-servizo nas Universidades de Galicia, estudar posibles estratexias de incorporación e/ou institucionalización do aprendizaxe-servizo na Educación Superior e coñecer experiencias de aprendizaxe-servizo desenvolvidas ou en desenvolvemento, nas Universidades de Galicia.

Destinatarios: Profesorado das universidades de Galicia, así como persoal en formación (bolseiros FPI, PFU, e bolseiros predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia) e interesados en xeral.

Lugar: EGAP, Santiago de Compostela.

Data: 27 de maio de 2015.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 8 horas lectivas.

Inscripción: en <http://egap.xunta.es/matricula> ata as 14 horas do 19 de maio de 2015.

Máis información:
[http://egap.xunta.es/Documentos/noticias/\[1430293339\]simposio_gal.pdf](http://egap.xunta.es/Documentos/noticias/[1430293339]simposio_gal.pdf)

4.- XIV Certame Universitario “Arquímedes”

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca o XIV Certame Universitario "Arquímedes" 2015 de Introducción á Investigación Científica (BOE nº 95 do 21 de abril de 2015). O obxecto desta convocatoria é a concesión de subvencións públicas coa finalidade de fomentar a combinación da docencia e a investigación nos nosos centros universitarios e favorecer as incorporacións dos novos estudantes ao ámbito investigador outorgando premios a proxectos orixinais de investigación científica e tecnolóxica realizados polos mesmos.

Requisitos: Estar cursando ou ter finalizado estudos de master, grao, licenciatura, enxeñería superior, arquitectura, diplomatura, enxeñería técnica ou arquitectura técnica nalgún dos centros españois nos que se imparten titulacións oficiais, durante o curso 2014-2015, sempre que se trate do primeiro master, grao, licenciatura, enxeñería ou diplomatura cursada.

Presentación de solicitudes: ata o 5 de xuño de 2015.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2015/04/21/pdfs/BOE-A-2015-4308.pdf>

5.- Axudas para realizar estadias no estranxeiro

O *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte* convoca subvencións para o *Subprograma de Movilidad* dentro do *Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad*, en el marco del *Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2013-2016 en I+D+i* (BOE nº 94 do 20 de abril de 2015).

Pódense solicitar axudas en dúas modalidades:

a) Modalidade A. Estadias de profesores e investigadores senior en centros estranxeiros, incluído o programa «Salvador de Madariaga» (doutor con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004).

b) Modalidade B. Estadias de mobilidade no estranxeiro «José Castillejo» para doutores novos (doutor a partir do 1 de xaneiro de 2004).

Presentación de solicitudes: ata o 14 de maio de 2015.

Máis información: http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-4272

6.- Oferta de bolsa en Adolfo Domínguez

Búscase un bolseiro/a, menor de 30 anos, para a área de Control de Xestión de ADOLFO DOMINGUEZ. A súa función principal será a minería de datos e a elaboración de informes orientados á toma de decisións (explotación de bases de datos, depuración, auditar a calidade da información nos sistemas, transformación e interpretación).

Formación requerida:

- Titulacións de ciencias Empresariais, Económicas, Enxeñerías (preferentemente de Organización), Matemáticas, Informática, Estatística; ou outras titulacións semellantes fundamentalmente numéricas e con interese no funcionamento de negocios.
- Coñecementos de ferramentas de xestión de bases de datos (MYSQL, Oracle ou similares). Valoraranse coñecementos en ferramentas de data mining (SPSS, SAS, ...).
- Usuario avanzado de Excel.
- Inglés nivel alto, falado e escrito.

Posibilidade de incorporarse á empresa unha vez finalizado o período de prácticas. Búscase unha persoa interesada en desenvolver unha carreira profesional dentro dunha empresa.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/noticias/965-2015-04-23-10-21-49>

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>